

**REUNIÓN DA COMISIÓN 2ª,  
ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS  
PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E  
SERVIZOS**

Día: 06.03.2019

Hora: 16:00

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 6 de marzo de 2019, ás 16:00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Designación da Ponencia encargada de elaborar o informe sobre o Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia (10/PL-000012, doc. núm. 44223)**

**Punto 2. Preguntas**

- 2.1 43044 (10/POC-006788)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis  
Sobre a aplicación do Regulamento (EU) 995/2010 no relativo ás obrigas dos axentes comercializadores de madeira para evitar o comercio de madeira de orixe ilegal, as garantías exixidas para demostrar a súa legalidade e a solicitude de medidas cautelares ao Goberno do Estado fronte ás empresas incumpridoras  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 414, do 18.01.2019*
- 2.2 43476 (10/POC-006894)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Moreira Ferro, Jacobo e 8 máis  
Sobre as previsións respecto da execución da segunda fase das obras de mellora na PO-531, no lugar da Devesa, e das actuacións para atender as demandas dos veciños sobre esta estrada  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 419, do 25.01.2019*
- 2.3 43496 (10/POC-006900)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Mato Otero, Beatriz e 8 máis  
Sobre o avance na execución da prolongación da Vía Ártabra entre a N-VI e a estrada AC-221 e as razóns polas que a Xunta de Galicia aposta pola conexión da AP-9 coa Vía Ártabra no enlace da Gándara  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 419, do 25.01.2019*
- 2.4 44819 (10/POC-007169)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos  
Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto dos riscos que presenta para a vida humana e o medio ambiente a construción das balsas de lodos e inertes reflectidas no proxecto de reapertura da mina de Touro

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 428, do 07.02.2019*

- 2.5      45114 (10/POC-007238)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis  
Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do anteproxecto de conexión entre a AC-14 e a AP-9 promovido polo Ministerio de Fomento e a recepción dalgunha solicitude do Concello de Culleredo para o estudo das alternativas para a conexión entre a AP-9, o aeroporto de Alvedro e a estrada AC-14, así como as súas previsións respecto da construción do vial previsto no Plan MOVE  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 430, do 13.02.2019*
- 2.6      45229 (10/POC-007250)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis  
Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da contaminación do río Umia por cianobacterias e microcistina, as súas previsións, referidas ao encargo dun estudo ao respecto, e as medidas que vai levar a cabo para combatela  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 430, do 13.02.2019*
- 2.7      45466 (10/POC-007269)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón  
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar o impacto que están a ter, na fauna e na flora do río Tea, as deficiencias existentes no sistema de depuración de augas residuais de Pontearreas  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 430, do 13.02.2019*
- 2.8      45693 (10/POC-007299)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Pierres López, María Luisa  
Sobre a opinión do Goberno galego referida á necesidade de elaborar unha lei de mobilidade sostible en Galicia, e, se é o caso, o prazo previsto para o inicio da súa tramitación  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 430, do 13.02.2019*

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2019



PARLAMENTO  
DE GALICIA

Jaime Castiñeira Broz  
Presidente da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Presidente	
Jaime Castiñeira Broz	P
Vicepresidenta	
Marta Nóvoa Iglesias	P
Secretario	
Antón Sánchez García	EM

## Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
Xosé Luís Bará Torres	BNG
Marcos Cal Ogando	EM
Martín Fernández Prado	P
Jacobo Moreira Ferro	P
María Luisa Pierres López	S
María Julia Rodríguez Barreira	P
Gonzalo Trenor López	P
Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna	P

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 06.03.2019

Hora: 16:00

Orde do día

1. Designación da Ponencia encargada de elaborar o informe sobre o Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia (10/PL-000012, doc. núm. 44223)

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 06.03.2019                      Hora: 16:00

Orde do día

2.        Preguntas

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 06.03.2019

Hora: 16:00

Orde do día

2.1 43044(10/POC-006788)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a aplicación do Regulamento (EU) 995/2010 no relativo ás obrigas dos axentes comercializadores de madeira para evitar o comercio de madeira de orixe ilegal, as garantías exixidas para demostrar a súa legalidade e a solicitude de medidas cautelares ao Goberno do Estado fronte ás empresas incumpridoras

*Publicación da iniciativa, 414, 18.01.2019*





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 10/01/2019 13:47:16  
Nº Rexistro: 43044  
Data envío: 10/01/2019 13:47:16.315

## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O Regulamento (EU) 995/2010, do Parlamento e do Consello da UE (Regulamento EUTR), establece as obrigas dos axentes e das empresas que comercializan madeira e os seus produtos de dispoñer dun procedemento interno que analice e minimize os riscos de comerciar con madeira de orixe ilegal, Regulamento que pertence ao ordenamento estatal dende o ano 2015. As dúas normas significan que as empresas están obrigadas polo chamado “sistema de Dilixencia Debida”, que consiste na obriga dos axentes e das empresas de realizar un exercicio de xestión do risco que permita reducir ao mínimo o perigo de comercialización na UE de madeira aproveitada ilegalmente. Ocorre que o Goberno galego se inhibe das súas obrigas para cumprir toda a lexislación (europea, estatal e galega) e non está a evitar a entrada de madeira ilegal no país.

Así, a organización ecoloxista “Greenpeace” ten solicitado á Xunta de Galicia que investigue a posible entrada a través de portos galegos de madeira de teca de Myanmar (antiga Birmania) procedente de actividades forestais ilegais, que se está a empregar nas cubertas de cruzeiros de luxo construídos no porto de Vigo. Existe un amplo consenso dentro das distintas administracións, das federacións da industria, das entidades de supervisión de EUTR, das ONG e dos expertos sobre o alto risco de ilegalidade da madeira procedente de Myanmar: a propia Asociación Española de Industria e Comercio da Madeira aconsellou aos seus asociados non importar madeira procedente deste país, Nacións Unidas para o Medio Ambiente elaborou informes que corroboraron as recomendacións do sector importador desta materia prima e tamén o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación desaconsella as importacións de teca deste país.

O Goberno galego descoñece absolutamente o que significa o “sistema de Dilixencia Debida” e as obrigas que ten na aplicación do Regulamento EUTR. Basta con visionar as respostas a este grupo parlamentario por parte do director Xeral de Política Forestal para se dar de conta. E iso que a Lei de montes de Galicia recolle no seu artigo 104 que a Xunta de Galicia adoitará as medidas oportunas para evitar a comercialización da madeira e produtos derivados procedentes de talas ilegais nos bosques naturais de terceiros países.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSM-REXISTRO-KHG-WCHb-5  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 10/01/2019 13:47:16**  
**Nº Rexistro: 43044**  
Data envío: 10/01/2019 13:47:16.315

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. A afirmación do director xeral de Política Forestal da Consellería de Medio Rural de que o Regulamento EUTR é unha normativa complexa e que vai supoñer moito traballo significa que esa suposta complexidade é unha excusa para a demora ou laxitude na súa aplicación?
2. Ten dúbidas o Goberno galego sobre a aplicación do Regulamento (EU) 995/2010, do Parlamento e do Consello da UE (Regulamento EUTR)?
3. É suficiente garantía para o Goberno sobre a orixe legal da madeira que as empresas envíen os documentos que acompañan aos lotes de madeira, tal e como dixo o director xeral de Política Forestal da Consellería de Medio Rural?
4. Vai solicitar o Goberno galego ao Goberno do Estado que emita medidas cautelares ás empresas que non cumpriran plenamente co “sistema de Dilixencia Debida”?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Raúl Fernández Fernández  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
María Luisa Pierres López  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 10/01/2019 13:27:27**

**Raúl Fernández Fernández na data 10/01/2019 13:27:33**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/01/2019 13:27:38**



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 10/01/2019 13:47:16**  
**Nº Registro: 43044**  
Data envío: 10/01/2019 13:47:16.315

**María Luisa Pierres López na data 10/01/2019 13:27:43**



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 06.03.2019                      Hora: 16:00

Orde do día

2.2      43476(10/POC-006894)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Moreira Ferro, Jacobo e 8 máis

Sobre as previsións respecto da execución da segunda fase das obras de mellora na PO-531, no lugar da Devesa, e das actuacións para atender as demandas dos veciños sobre esta estrada

*Publicación da iniciativa, 419, 25.01.2019*



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/01/2019 11:28:59  
**Nº Rexistro: 43476**  
Data envío: 15/01/2019 11:28:59.124

## Á Mesa do Parlamento

**Jacobo Moreira Ferro, Martín Fernández Prado, Guadalupe Murillo Solís, Marta Novoa Iglesias, Diego Calvo López, Jaime Castiñeira Broz, María Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna** deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

O 14 de agosto de 2018 a Axencia Galega de Infraestruturas aprobaba o proxecto de construción do acondicionamento e mellora da seguridade viaria da PO-531 na Devesa, segunda fase, de clave PO/17/001.06.

Trátase doutra das actuacións que está a levar a cabo a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade na estrada PO-531, despois da construción da rotonda de acceso ao Polígono de Sequeiros, que xa ten contribuído a calmar o tráfico e a facilitar o acceso seguro e o cambio de sentido, evitando situacións perigosas que se producían antes desa obra.

Tamén está prevista a construción dunha senda na Devesa (Pontevedra), no marco do Plan de sendas da comarca de Pontevedra. Ademais, nesta mesma estrada, a Xunta ultima a reformulación do proxecto para actuar no treito que discorre polo municipio de Barro, segundo a petición do Concello e os veciños.

Todas elas, actuacións que responden ao compromiso da Xunta cos veciños para ir executando un programa de intervencións na dita estrada, e que redundan nunha mellora da accesibilidade e da seguridade, tanto dos vehículos como dos peóns e ciclistas.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes preguntas orais en Comisión:

- 1.- Cales son as previsións para a execución da segunda fase das obras de mellora da seguridade viaria na PO-531 no lugar da Devesa?
- 2.- Que actuacións concretas está previsto desenvolver na PO-531 para dar resposta ás demandas trasladadas por concello e veciños?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2019.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com

CSM-REXISTRO-ppskchm020-3  
Verificación  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/01/2019 11:28:59  
Nº Rexistro: 43476  
Data envío: 15/01/2019 11:28:59.124**

**Asinado dixitalmente por:**

**Jacobo Moreira Ferro na data 15/01/2019 11:18:27**

**Martín Fernández Prado na data 15/01/2019 11:18:53**

**María Guadalupe Murillo Solís na data 15/01/2019 11:19:06**

**Marta Novoa Iglesias na data 15/01/2019 11:19:16**

**Diego Calvo Pouso na data 15/01/2019 11:19:33**

**Jaime Castiñeira Broz na data 15/01/2019 11:19:43**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 15/01/2019 11:19:51**

**Gonzalo Trenor López na data 15/01/2019 11:20:29**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 15/01/2019 11:20:44**



CSV REGISTRO-joskcd1020-3

Verificar

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 06.03.2019 Hora: 16:00

Orde do día

2.3 43496(10/POC-006900)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Mato Otero, Beatriz e 8 máis

Sobre o avance na execución da prolongación da Vía Ártabra entre a N-VI e a estrada AC-221 e as razóns polas que a Xunta de Galicia aposta pola conexión da AP-9 coa Vía Ártabra no enlace da Gándara

*Publicación da iniciativa, 419, 25.01.2019*



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/01/2019 12:30:43  
**Nº Rexistro: 43496**  
Data envío: 15/01/2019 12:30:43.093

## Á Mesa do Parlamento

**Beatriz Mato Otero, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Marta Novoa Iglesias, Gonzalo Trenor López, Diego Calvo Pouso, Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna, M<sup>a</sup> Julia Rodríguez Barreira e Jacobo Moreira Ferro**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral na Comisión 2<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

A vía Ártabra é unha vía fundamental para a área metropolitana da Coruña e nese sentido o Goberno da Xunta puxo en servizo dous treitos da vía Ártabra (7,96 km de tronco máis 1,78 km da variante de Oleiros e 42 M€) en plena crise e recesión económica.

A conexión da Vía Ártabra coa AP-9 é imprescindible para o completo funcionamento desta vía de altas prestacións, para garantir os movementos dos concellos de Oleiros, Sada e Cambre cara a Coruña e viceversa.

Por iso, a Xunta de Galicia está a facer todo o posible para levar adiante esta infraestrutura, desenvolvendo a que tecnicamente se considera a única opción posible de conexión coa AP-9, no enlace da Gándara, e mantendo para una fase posterior a súa conexión coa autovía A-6.

A firme vontade da Xunta de axilizar as obras de conexión desta vía estratéxica coa AP-9, levou a que o Goberno galego decidise desenvolver a actuación en dúas fases: unha primeira entre o enlace da N-VI e a estrada autonómica AC-221; e unha segunda, entre esta última vía e a autoestrada AP-9, que requirirá da autorización do Ministerio de Fomento.

Isto permítelle ao Goberno galego avanzar nos trámites necesarios para a execución das obras nun primeiro tramo da conexión da Vía Ártabra coa AP-9, entre a N-VI e a estrada autonómica San Pedro de Nós-Mabegondo (AC-221), mentres o Ministerio de Fomento non resolve a autorización da conexión coa Autoestrada do Atlántico.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta oral en Comisión:

1.- Como están a avanzar os traballos para a execución da prolongación da Vía Ártabra entre a N-VI e a estrada autonómica AC-221?

2.- Cales son as razóns polas que a Xunta de Galicia aposta pola conexión da AP-9 coa vía Ártabra no enlace da Gándara?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

CSM-REXISTRO-VF-XIIM4-v-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/01/2019 12:30:43  
**Nº Rexistro: 43496**  
Data envío: 15/01/2019 12:30:43.093

3.- Cal é a situación ao respecto da conexión coa AP-9?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Beatriz Mato Otero na data 15/01/2019 12:28:25**

**Martín Fernández Prado na data 15/01/2019 12:28:36**

**Jaime Castiñeira Broz na data 15/01/2019 12:28:52**

**Marta Novoa Iglesias na data 15/01/2019 12:29:00**

**Gonzalo Trenor López na data 15/01/2019 12:29:10**

**Diego Calvo Pouso na data 15/01/2019 12:29:22**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 15/01/2019 12:29:34**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 15/01/2019 12:29:45**

**Jacobo Moreira Ferro na data 15/01/2019 12:30:03**



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 06.03.2019

Hora: 16:00

Orde do día

2.4 44819(10/POC-007169)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto dos riscos que presenta para a vida humana e o medio ambiente a construción das balsas de lodos e inertes reflectidas no proxecto de reapertura da mina de Touro

*Publicación da iniciativa, 428, 07.02.2019*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 29/01/2019 12:57:59  
**Nº Rexistro: 44819**  
Data envío: 29/01/2019 12:57:59.735



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando**, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.ª**.

O pasado domingo rebentou unha balsa mineira que albergaba 12 millóns de m<sup>3</sup> de residuos producindo decenas de mortos e centos de desaparecidos na poboación de Brumadinho, en Brasil.

Periodicamente repítense casos coma este que ocasionan dramas persoais e gravísimos danos ambientais.

Non é de estrañar a alarma que xera na zona o macroproxecto mineiro de Touro-O Pino, xa que prevé unha balsa de lodos permanente dunha capacidade duns 34 millóns de metros cúbicos, unha superficie de 125,8 ha, que estaría composta por un muro de 3187 m de lonxitude e ata 81 m de altura, situado a menos de 250 m das casas máis próximas de Arinteiro e a 410 m do centro deste núcleo de poboación.

O depósito de estériles das cortas de Arinteiro e Vieiro, cunha capacidade de 69 Mt (50 Mm<sup>3</sup>) e unha superficie de 95.has estaría contido por un muro de 2806 m de lonxitude e 55-74 m de altura, con practicamente a totalidade das casas de Arinteiro a 200-300 m de distancia.

Non é difícil imaxinar o que acontecería nesa poboación no caso da rotura dalgunha das balsas.

CSM-REXISTRO-NOLOLP1r19  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ademais do evidente perigo para vidas humanas tamén ocasionaría graves danos ambientais tanto no río Ulla coma na Ría de Arousa que se atopa a moi poucos quilómetros da zona.

Non podemos esquecer que no colapso da balsa na mina Mariana no ano 2015, os lodos percorreron ata 600 quilómetros.

Existe o risco de rotura dos diques de contención con consecuencias potencialmente moi graves, como se indica no arquivo "Estudio de Riesgo de Instalaciones".

Segundo as guías de Clasificación de Presas (Asociación de Presas de Canadá, 2013) a consecuencia de falla do muro principal é "Moi Alta" pois podería provocar:

- unha cifra de mortos de 10-100 persoas entre a poboación residente,
- perda significativa ou deterioro do hábitat crítico de peixes ou vida silvestre, sendo posible pero pouco práctica a restauración ou compensación en especie.
- grandes perdas económicas que afectan á infraestrutura ou servicios importantes.

Por exemplo, estradas, instalacións industriais ou instalacións de almacenamento de sustancias perigosas.

Segundo as guías para a clasificación de muros da Comisión Internacional de Grandes Presas (ICOLD) (2010), o factor de risco do muro de Presa é "alto" Pola súa capacidade (1-120 Mm), "extremo" pola súa altura (> 45m), "moderado" polos requirimentos de evacuación (1-100 persoas) e "extremo" polo dano potencial augas abaixo.





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 29/01/2019 12:57:59**  
**Nº Registro: 44819**  
Data envío: 29/01/2019 12:57:59.735



Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte pregunta:

- Como valora a Xunta de Galicia o risco para vidas humanas e ambiental pola construción das balsas de lodos e inertes contempladas no proxecto da Mina de Touro?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 29/01/2019 12:57:29**

**Marcos Cal Ogando na data 29/01/2019 12:57:36**

CSX REGISTRO=OLQLPPI9  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos**

**Día: 06.03.2019**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

2.5 45114(10/POC-007238)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do anteproxecto de conexión entre a AC-14 e a AP-9 promovido polo Ministerio de Fomento e a recepción dalgunha solicitude do Concello de Culleredo para o estudo das alternativas para a conexión entre a AP-9, o aeroporto de Alvedro e a estrada AC-14, así como as súas previsións respecto da construción do vial previsto no Plan MOVE

*Publicación da iniciativa, 430, 13.02.2019*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/02/2019 12:26:20  
Nº Rexistro: 45114  
Data envío: 01/02/2019 12:26:20.102

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa á proposta de mellora das comunicacións entre o aeroporto de Alvedro e a autoestrada AP9 e alternativas ao Vial 18.

1.O denominado vial 18 é unha estrada de conexión da AC14 coa autoestrada AP9 defendido por diferentes administracións: Ministerio de Fomento, Xunta de Galiza e goberno municipal de Culleredo. No ano 2012 este vial foi incluído no convenio asinado entre o Ministerio de Fomento e AUDASA, polo que a concesionaria asumía entre outras obras a construción deste vial e a ampliación da avenida de Alfonso Molina. Posteriormente tomouse a decisión de que estas obras se realizarían con cargo ao orzamento do Ministerio de Fomento.

No ano 2015 tramitouse un anteproxecto que foi devolto polo Ministerio de Medio Ambiente ao Ministerio de Fomento por problemas na tramitación da Avaliación do Impacto Ambiental. Tanto o anteproxecto como o trazado previsto contaron tamén con un importante rexeitamento veciñal, polo forte impacto negativo na contorna. Outro dos motivos da retirada daquel anteproxecto era que non existía previsión de reserva de solo para executar este vial.

2. Ao mesmo tempo que se desenvolvía o Proxecto do Vial 18, a Xunta de Galiza incluiu no ano 2010 no Plan MOVE a Conexión Alvedro-AP9, con unha





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 01/02/2019 12:26:20**  
**Nº Rexistro: 45114**  
Data envío: 01/02/2019 12:26:20.102

lonxitude de 0.5 km, un investimento de 2.2 millóns de euros e un horizonte temporal de 2013 (Programa de Vías Estruturantes, Eixos Novos e Variantes, páx 27).

Fronte a esta alternativa prevista pola Xunta de Galiza, o denominado Vial 18 ten unha previsión de investimento de máis de 30 millóns de euros. Ademais do menor custo, a alternativa de conexión entre Alvedro e a autoestrada, através da área de servizo de Almeiras, ten outras vantaxes:

- Permitiría crear un novo acceso desde a autoestrada ao centro do Burgo, e en consecuencia a toda a zona urbana de Culleredo.

- Permitiría construír un acceso directo ao aeroporto.

- Podería empregarse este vial como circunvalación para os vehículos que circulan pola estrada de Almeiras (AC213) e a N550 e dirixirse á cidade e á autoestrada sen pasar polo centro urbano de Culleredo.

- Permitiría conectar a AC14 coa autoestrada simplemente con percorrer unha distancia de 3km máis que a prevista polo hipotético vial 18.

3. O pleno do Concello de Culleredo aprobou no mes de xuño de 2018 unha iniciativa presentada polo BNG na que demandaba á Xunta de Galiza e ao Ministerio de Fomento a realización dun estudo rigoroso sobre as alternativas para a conexión da autoestrada AP9 co aeroporto de Alvedro e a estrada AC14.

Ata o momento non temos coñecemento de que o Concello de Culleredo chegase a ningún acordo coas devanditas administracións para realizar o citado estudo de alternativas.

4. Así parece deducirse da decisión do Ministerio de Fomento pola que se publica no BOE do 09/1/2019 o expediente de información oficial e pública do







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 01/02/2019 12:26:20**  
**Nº Rexistro: 45114**  
Data envío: 01/02/2019 12:26:20.102

anteproxecto de vial de conexión da AC-14 (enlace da Zapateira) e a autoestrada AP 9, e o seu correspondente estudo de impacto ambiental.

Do antedito dedúcese a intención do goberno central de levar a cabo este Proxecto, coa connivencia do goberno galego e do goberno municipal de Culleredo.

Por todo isto formúlense as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

1. Que valoración fai a Xunta de Galiza a respecto do anteproxecto de conexión entre a AC14 e a AP9 promovido polo Ministerio de Fomento?
2. Recibiu a Xunta de Galiza unha petición do Concello de Culleredo para estudar as alternativas para a conexión entre a AP9, o aeroporto de Alvedro e a AC14?
3. O goberno galego ten previsto construír o vial de conexión entre a AP9 (área de servizo de Almeiras) e o aeroporto de Alvedro prevista no Plan MOVE?
4. Considera a Xunta de Galiza que esta alternativa ten un menor custo económico e un menor impacto na contorna?
5. Existen intereses ocultos na defensa da alternativa coñecida como Vial 18?

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**  
**Montserrat Prado Cores**

CSX4 REXISTRO-00bvlD54-6  
Validado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 01/02/2019 12:26:20**  
**Nº Rexistro: 45114**  
Data envío: 01/02/2019 12:26:20.102

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 01/02/2019 12:22:28**

**María Montserrat Prado Cores na data 01/02/2019 12:22:34**

**Ana Pontón Mondelo na data 01/02/2019 12:22:36**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 01/02/2019 12:22:37**

**Olalla Rodil Fernández na data 01/02/2019 12:22:38**

**Noa Presas Bergantiños na data 01/02/2019 12:22:40**



CSV REXISTRO-ODV/DS-6

Verificación

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 06.03.2019

Hora: 16:00

Orde do día

2.6 45229(10/POC-007250)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da  
contaminación do río Umia por cianobacterias e microcistina,  
as súas previsións, referidas ao encargo dun estudo ao  
respecto, e as medidas que vai levar a cabo para combatela

*Publicación da iniciativa, 430, 13.02.2019*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 04/02/2019 11:29:27  
**Nº Rexistro: 45229**  
Data envío: 04/02/2019 11:29:27.166

### Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa á contaminación río Umia.

1. A construción do encoro da Baxe tivo un forte impacto negativo no río Umia, tanto no que ten que ver coa calidade das augas como como equilibrio ecolóxico do río. Aínda que segundo a Xunta a construción do encoro tiña como finalidade principal evitar as riadas e asolagamentos na vila de Caldas, a realidade é que a obra provocou males maiores dos que pretendía resolver: converteu un río vivo nun río tóxico e provocou ameazas para a saúde pública e para as actividades produtivas, recreativas e de lecer.

2. A historia do encoro da Baxe é a crónica dunha estafa, perpetrada contra a vontade maioritaria expresada polas corporacións municipais de Caldas, Moraña e Cuntis. Moito tempo despois confirmouse o que xa desde o comezo denunciada a Plataforma en Defensa do río Umia, as organización ecoloxistas e o propio BNG: detrás da construción do encoro había unha operación especulativa e lucrativa a través dunha explotación hidroeléctrica por parte dunha empresa privada.

3. Malia as sucesivas denuncias sobre a contaminación do encoro e do río por cianobacterias e microcistina, e sobre os riscos para o ecosistema e para as persoas, a Xunta nega a maior e intenta ocultar a realidade. Na reunión co Comité de crise de

CSM-REXISTRO-01TpwR6xM-0  
Verificación  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 04/02/2019 11:29:27

Nº Rexistro: 45229

Data envío: 04/02/2019 11:29:27.166

Caldas que tivo lugar o pasado 23 de xaneiro en Pontevedra, a conselleira de Infraestruturas, Ethel Vázquez, mesmo chegou a afirmar que nunca se detectara a presenza de microcistina no encoro do Umia, malia a que un informe de 2013 encargado pola administración autonómica e realizado polo director da Estación de Hidrobioloxía da USC, Fernando Cobo, rexistrou a presenza da toxina, que tamén foi detectada en analíticas que se fixeron en 2010 en Caldas e Portas.

4. É evidente que o encoro e o río Umia están nunha situación de alarma por contaminación. Así se deduce do estado do encoro, da alerta pola proliferación de algas decretada por Augas de Galicia e que se prolonga xa por máis de medio ano. A contaminación por cianobacterias tamén afecta aos sistemas de abastecemento de auga potábel ao longo do curso do río, polos problemas que causan as algas no proceso de potabilización. E as consecuencias da contaminación tamén afectan aos usos lúdicos do río, como se puido comprobar coa prohibición do baño no río Umia, que se decretou o pasado mes de agosto.

Máis alá de todas estas evidencias aínda quedan por resolver moitas dúbidas. Polo que se fai imprescindible a realización dunha análise exhaustiva sobre a calidade das augas, a contaminación por microcistina e os posibles efectos para a saúde humana e para o ecosistema, incluíndo a posible afectación aos recursos pesqueiros e marisqueiros da ría de Arousa.

5. O BNG sempre defendeu –e segue defendendo– que a solución a este desastre ambiental pasa polo dismantelamento do encoro da Baxe. Mais en tanto que non se acorda esta medida, entendemos que se deben poñer en marcha diferentes iniciativas para garantir a calidade das augas e informar á poboación sobre os potenciais riscos derivados do actual estado de contaminación do río Umia. Cómpre ter en conta que en recentes declaracións aos medios, Fernando Cobo alertou dos potenciais riscos

CSX4 REXISTRO-01TpwvRdM-0  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 04/02/2019 11:29:27**  
**Nº Registro: 45229**  
Data envío: 04/02/2019 11:29:27.166

derivados da contaminación do río, tanto derivados da inxesta de auga como do contacto coa pel e a inhalación por aerosol.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

-Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre a contaminación do río Umia?

-Como valora o goberno galego os riscos de contaminación por microcistina no río Umia?

-Ten previsto a Xunta de Galiza encargar algún estudo sobre a contaminación do río por cianobacterias e microcistina, e sobre os potenciais riscos para a saúde humana e para o ecosistema?

-En atención a que riscos se decretou a prohibición do baño no río Umia o pasado mes de agosto?

-Que medidas prevé desenvolver a Xunta de Galiza para combater a contaminación do río Umia?

-Considera a Xunta de Galiza a posibilidade de realizar un estudo sobre a viabilidade do desmantelamento do encoro da Baxe?

-Que cantidades ingresa a Xunta de Galiza anualmente en concepto de canon pola explotación hidroeléctrica do encoro?

-Que investimentos realizou a Xunta de Galiza nos concellos afectados polo encoro?

CSX4 REGISTRO-01TpwMdm-0  
Validado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 04/02/2019 11:29:27**  
**Nº Registro: 45229**  
Data envío: 04/02/2019 11:29:27.166

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 04/02/2019 11:24:49**

**María Montserrat Prado Cores na data 04/02/2019 11:25:03**

**Ana Pontón Mondelo na data 04/02/2019 11:25:04**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 04/02/2019 11:25:06**

**Olalla Rodil Fernández na data 04/02/2019 11:25:08**

**Noa Presas Bergantiños na data 04/02/2019 11:25:09**



CSM\_REGISTRO-01TpwvRdM-0

Verificado

https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 06.03.2019

Hora: 16:00

Orde do día

2.7 45466(10/POC-007269)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar o impacto que están a ter, na fauna e na flora do río Tea, as deficiencias existentes no sistema de depuración de augas residuais de Ponteareas

*Publicación da iniciativa, 430, 13.02.2019*





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 05/02/2019 17:14:42  
Nº Rexistro: 45466  
Data envío: 05/02/2019 17:14:42.100



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 2.ª**

A depuración das augas residuais é unha cuestión de enorme importancia na preservación do medio ambiente e a saúde das persoas que en Galicia non está sendo atendida coa rigorosidade e responsabilidade que merece por parte da Xunta de Galicia, e é por iso que contamos con multitude de puntos negros, dende aliviadoiros por todo o País vertendo augas sen tratar a ríos e rías, así como deficiencias en zonas densamente poboadas do territorio galego que non cumpren coa directiva europea en xestión de augas residuais, e que teñen feito que a UE abraise expediente e sancionase ó Estado español 17 anos despois da data límite fixada pola UE, o que amosa o desleixo da administración.

A esta realidade non é alleo o Concello de Pontearreas e nomeadamente o Río Tea, que está a sufrir agresións constantes como veñen denunciando dende o Grupo Ecoloxista ADENCO e como puidemos comprobar dende o noso grupo nunha visita a este fermoso entorno, cunha riqueza de biodiversidade que é preciso coidar e preservar.

O sistema de depuración de augas residuais de Pontearreas é moi deficiente, incapaz de xestionar o volume que recibe, e é por iso que os aliviadoiros que verten ó Río Tea derivan auga sen xestionar moi habitualmente, provocando unha agresión medioambiental que está mermando as poboacións de diferentes especies de flora e fauna, algunhas delas en situación xa moi alarmante, como amosan os datos dos diferentes estudos realizados no lugar.

CSM - REXISTRO - qwm2BNCs-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/02/2019 17:14:42**  
**Nº Rexistro: 45466**  
Data envío: 05/02/2019 17:14:42.100



Polo exposto, preséntanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.- Coñece a Xunta de Galicia a gravidade da situación á que se está vendo sometido o Río Tea polas deficiencias comentadas?
- 2.- Conta a Xunta de Galicia con estudos científicos sobre o estado da fauna que habita no Río Tea no entorno da depuradora de Ponteareas?
- 3.- Que actuacións ten previstas o Goberno para atallar este problema?
- 4.- Por que non se ten actuado ata o momento?

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando  
Antón Sánchez García  
Deputados do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Marcos Cal Ogando na data 05/02/2019 17:09:54**

**Antón Sánchez García na data 05/02/2019 17:10:05**

CSX: REGISTRO-qwmzBNC3-7  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 06.03.2019

Hora: 16:00

Orde do día

2.8 45693(10/POC-007299)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Pierres López, María Luisa

Sobre a opinión do Goberno galego referida á necesidade de  
elaborar unha lei de mobilidade sostible en Galicia, e, se é  
o caso, o prazo previsto para o inicio da súa tramitación

*Publicación da iniciativa, 430, 13.02.2019*



## Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

Desde que no ano 1992 o Tratado de Maastricht creou as redes transeuropeas e incorporou os requisitos de protección do medio ambiente na política de transportes (avance que se viu reforzado no Libro Branco da Comisión dese ano sobre a política común de transportes), insistiuse no principio da mobilidade sustentable.

A investigación en medios de transportes eficientes en canto ao uso dos recursos e respectuosos co medio ambiente é unha parte importante da política de transportes da Unión Europea; así o «Horizonte 2020» considera o “transporte intelixente, sustentable e integrado” como un dos retos máis importantes para garantir que Europa siga estando á vangarda dos avances tecnolóxicos nos transportes, pero iso non é suficiente.

En palabras do profesor Jiménez Herrero no seu artigo *Transporte y movilidad, claves para la sostenibilidad*, “as sociedades modernas demandan unha alta e variada mobilidade, o que require un sistema de transporte complexo e adaptado ás necesidades sociais, que garanta os desprazamentos de persoas e mercadorías dunha forma economicamente eficiente e segura, pero todo iso sometido a unha nova racionalidade ambiental e á nova lóxica do paradigma da sustentabilidade”.

Estamos, polo tanto, ante un problema con dúas compoñentes claramente diferenciadas: os desprazamentos das persoas e o de mercadorías, ás que se debe dar solucións simultáneas.

No caso do transporte de pasaxeiros, ademais de constituír un servizo ao consumidor, desempeña un importante papel para o funcionamento eficaz do mercado de traballo e o desenvolvemento económico e reviste unha importancia particular para quen non ten acceso a medios de locomoción privados nas zonas rurais e para quen sofre problemas de mobilidade.

O Partido Popular de Galicia no seu programa electoral do ano 2016, incluía o seguinte:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/02/2019 16:37:00  
Nº Rexistro: 45693  
Data envío: 07/02/2019 16:37:00.968

*Nova Lei de mobilidade. Establecerase o marco legal necesario para satisfacer as necesidades de desprazamentos de toda persoa nas condicións axeitadas de seguridade, accesibilidade, igualdade, calidade e sustentabilidade. O obxectivo principal é que Galicia conte cun sistema de transporte público eficiente, intermodal e moderno, porque o importante é a busca e materialización da implantación de servizos de calidade e modernos que satisfagan as necesidades dos cidadáns máis alá dos límites competenciais de cada administración.*

É dicir, asumíase o compromiso de elaborar unha nova Lei de mobilidade, aínda que non mobilidade sustentable, que segundo a concepción máis aceptada é aquela que, simultaneamente, satisfai a necesidade de mobilidade nun tempo e custo razoables á vez que minimiza os impactos negativos sobre o entorno e mellora a calidade de vida das persoas.

Por outro lado, o Plan de Transporte Público de Galicia, en elaboración, debe permitir no futuro acadar un modelo de transporte público por estrada sustentable e eficiente, que se adapte mellor ás necesidades da cidadanía de Galicia concretando a rede de transporte público de Galicia competencia da Xunta de Galicia. Aínda que os seus principios inspiradores son a sustentabilidade e a eficiencia, pouco ou nada se desenvolve no documento o relativo á sustentabilidade ambiental.

Pero este plan é un documento de planificación, organización e xestión da rede de transporte público de Galicia, competencia da Xunta de Galicia, e polo tanto, non podemos asumir que substitúe a unha lei, tanto por carecer de rango normativo como pola súa orientación.

Exemplos de que resulta moi pertinente e factible elaborar unha lei de mobilidade sustentable existen no Estado; por exemplo no Principado de Asturias acaba de publicarse a *Ley 12/2018, de 23 de noviembre, de Transportes y Movilidad Sostenible*.

Por iso o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Considera a Xunta de Galicia que é necesario elaborar unha lei de mobilidade sustentable na comunidade autónoma de Galicia?
- 2ª) Se non o considera preciso, porque o incluíu no seu programa electoral para a actual X Lexislatura?
- 3ª) Se o considera preciso, cando pensa iniciar a súa tramitación?

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/02/2019 16:37:00**  
**Nº Rexistro: 45693**  
Data envío: 07/02/2019 16:37:00.968

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/02/2019 16:25:22**

**María Luisa Pierres López na data 07/02/2019 16:25:30**



CSV: REGISTRO-1865832z-1

Verificación

<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)